| | EMB3.1.2. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas. | CCEC | 1.Mantén a atención e a relaxación necesarias para concentrarse na actividade.<br><br>2.Coida a posición da cabeza, a columna, os brazos e as pernas.<br><br>3.Coordina as palmas e os pés con e sen desprezamento para facer exercicios rítmicos ou como acompañamentos a cancións e danzas.<br><br>4.Mantén unha actitude |

| CA | EA | CC | MÍNIMOS |
|---|---|---|---|
| | | | de atención durante as actividades corporais, sen berros e sen molestar aos compañeiros. |
| | EMB3.1.3. Coñece danzas de distintas épocas e lugares, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural. | CCEC | 1.Identifica danzas e as relaciona con estilos musicais.<br><br>2.Cumpre as normas actividades de visualización de videos e imaxes.<br><br>3.Realiza as fichas con limpeza e orde. |
| | EMB3.1.4. Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais españolas, e entende a importancia da súa continuidade e o traslado ás xeracións futuras. | CSC<br>CCEC | 1.Interioriza os movementos asociados a cada parte musical.<br><br>2.Esfórzase por mellorar individualmente e colabora na obtención dun resultado final colectivo.<br><br>4.Cumpre as normas da aula para a aprendizaxe de danzas. |
| | EMB3.1.5. Inventa coreografías de grupo que corresponden coa forma interna dunha obra musical e supón unha orde espacial e temporal. | CAA<br>CCEC | 1.Cumpre as normas de comportamento na realización de exercicios de movemento e danzas.<br><br>2.Participa na realización de exercicios de movemento. |
| | EMB3.1.6. Analiza as danzas realizadas, recoñece os erros e amosa interese por mellorar o produto. | CAA | 1.Presenta un esquema sobre a elaboración da danza realizado con claridade.<br><br>2.Expón as dificultades atopadas durante a realización da danza. |
| | EMB3.1.7. Respecta o traballo en grupo e participa nel de xeito pracenteiro, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas. | CAA<br>CSC | 1.Fai aportacións ao grupo para o deseño de movementos ou ritmos.<br><br>2.Desenvolve actitudes de apoio e axuda. |
| | EMB3.1.8. Amosa respecto polas demais persoas e colaboración con elas. | CSC | 1.Esfórzase por mellorar individual e colectivamente. |

| CA | EA | CC | MÍNIMOS |
| --- | --- | --- | --- |
| | | | 2.Fai aportacións de xeito respectuoso.<br><br>3.Desenvolve actitudes positivas de colaboración e axuda. |

### 3.2 ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE:
### Relación con bloques de contidos, obxectivos e temporalización en 6º EP

| BLOQUE | OBX | CONTIDOS | ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE | TEMPOR |
|---|---|---|---|---|
| BLOQUE 1. ESCOITA | j, b, e | B1.1. Audición de música contemporánea, e investigación e valoración das posibilidades do son.<br>B1.2. Identificación e apreciación das calidades dos sons do contexto. | -Audición e visualización de videos sobre obras da música clásica, jazz e moderna.<br>-Realización de fichas sobre as características de sons, efectos sonoros ou obra deteminada.<br>-Realización de actividades sobre a música na Idade Contemporánea: Videos, audicións, fichas instrumentais...<br>-Realización de actividades sobre a música na Idade Contemporánea. Historia, estilos e intérpretes.<br>-Actividades sobre a contaminación acústica, causas e consecuencias para a sociedade e posibles solucións. | Todo o curso<br>2º trim<br>3º trim |
| BLOQUE 1. ESCOITA | b, e, o | B1.3. Identificación e apreciación de formas musicais sinxelas.<br>B1.4. Identificación a través da escoita de tipos de voces (soprano, contralto, tenor e baixo), instrumentos, variacións e contrastes de velocidade. | -Análise da estrutura de audicións e partituras do bloque de interpretación a través de musicogramas ou das partituras no programa de edición de partituras Musescore.<br>-Identificación de elementos estruturais comúns a todos os estilos musicais: introdución, interludio, improvisación, variación e coda.<br>-Identificación das formas rondó ABACADA.<br>-Identificación de formas da música moderna: blues, jazz, bossa...<br>-Escoita de pezas vocais e visualización de videos dos tipos de voces: soprano, contralto, tenor e baixo. Realización de exercicios de identificación no encerado dixital.<br>-Escoita de pezas vocais e visualización de videos dos tipos de agrupacións vocais e estilos. Realización de exercicios de identificación no encerado dixital.<br>-Escoita de pezas vocais e instrumentais, e análise de partituras | Todo o curso<br>2º trim<br>3º trim |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | no programa de edición de partituras Musescore que exemplifiquen os contrastes agóxicos: accelerando, ritardando; e de intensidade: crescendo e decrescendo na música clásica, tradicional e moderna. Realización de exercicios de identificación no encerado dixital. | |
| | | B1.5. Valoración e interese pola música de diferentes épocas e culturas, nomeadamente a galega. | -Escoita de pezas vocais e visualización de videos sobre os instrumentos característicos da música celta, da música moderna (Jazz, pop e rock). Realización de exercicios de identificación n no encerado dixital.<br><br>-Escoita de pezas vocais e visualización de videos sobre agrupacións propias da música celta, da música moderna (Jazz, pop e rock). Realización de exercicios de identificación no encerado dixital.<br><br>-Escoita de pezas vocais e visualización de videos sobre os estilos máis destacados da música celta, da música moderna (Jazz, pop e rock). Realización de exercicios de identificación no encerado dixital. | Todo o curso |
| BLOQUE 1. ESCOITA | ▪ h, a, d | ▪ B1.6. Audición activa e comentada de música variada da nosa cultura e doutras culturas.<br><br>B1.7. Actitude atenta, silenciosa e respectuosa durante a audición de música e/ou na asistencia a representacións musicais.<br><br>B1.8. Indagación sobre as normas que regulan a propiedade intelectual. Valoración e presentación dos resultados. | -Audición e visualización de videos sobre obras de distintos estilos, con explicación previa do mestre.<br><br>-Asistencia a eventos musicais.<br>-Audición de instrumento aportado por alumnado do centro.<br><br>-Posta en valor da música en directo e dos dereitos de artistas e consumidores.<br><br>-Busca en internet das funcións da Propiedade intelectual e a Sociedade General de Autores (SGAE) e presentalas individuaimente en formato impreso ou dixital.<br><br>-Debate posterior sobre a propiedade intelectual, a industria musical, o papel de internet e a difusión libre da información e a cultura. | Todo o curso<br><br>Data da actividade<br><br>3º trim |
| BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL | j, e, k | ▪ B2.1. Exploración das posibilidades sonoras e expresivas da voz. | -Práctica de exercicios previos ao canto de respiración, vocalización, articulación e de intervalos. | Todo o curso |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | -Canto dun repertorio variado de moderna en modo maior e menor, utilizando cromatismos e modulacións a tonos próximos. | |
| BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL | j, b, d | ▪ B2.2. Interpretación de pezas con instrumentos de aula e/ou frauta doce. | -Escoita e análise previa áprendizaxe das pezas de frauta e láminas mediante o editor de partituras e a pizarra dixital.<br><br>-Exercicios para o afianzamento da técnica de frauta doce: respiración, dixitación e picado.<br><br>-Exercicios de dixitación na frauta das notas alteradas: sib, lab e fa#<br><br>-Exercicios de dixitación na frauta das notas da escala aguda: mi, fa e sol.<br><br>-Aprendizaxe e interpretación de pezas instrumentais con frauta con acompañamento de láminas ou polo mestre (piano ou acordeón).<br><br>-Realización de acompañamentos para estas pezas de frauta nos instrumentos de láminas que teñan papeis contrastantes. Técnicas de bordón simultáneo, alternado e cruzado; e movementos harmónicos en modo maior e menor.<br><br>-Realización de probas individuais de interpretación de frauta sobre unha única peza traballada anteriormente na aula de maneira colectiva. | Todo o curso |
| | | B2.3. Interpretación, memorización e improvisación guiada de cancións a unha ou varias voces, desenvolvendo progresivamente a dicción, a afinación e a técnica vocal. Canon. | -Práctica de exercicios previos ao canto de respiración, vocalización, articulación e de intervalos.<br><br>-Canto de cancións da música moderna en modo maior e menor, utilizando cromatismos e modulacións a tonos próximos.<br><br>-Práctica do canon simple a dúas e tres entradas. | Todo o curso |
| | | | -Interpretación conxunta dunha canción para commemorar o Día da igualdade e non violencia de xénero. | 1º trim |
| | | | -Interpretación conxunta dunha canción para commemorar o Día da paz. | 2º trim |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | -Interpretación conxunta dunha canción para commemorar o Día das Letras Galegas. | 3º trim |
| | | | -Actividades no encerado dixital de identificación dos instrumentos electrónicos na música jazz e moderna. | Todo o curso |
| | | | -Actividades no encerado dixital de identificación dos rexistros e estilos de voz máis destacados na música jazz e moderna. | |
| | | B2.4. Recoñecemento de tipos de instrumentos acústicos e electrónicos, agrupacións instrumentais e vocais, e rexistros da voz. | -Actividades no encerado dixital de identificación das agrupacións na música jazz e moderna. | |
| | | | -Visualización de videos exemplifidores de instrumentos, voces e agrupacións da música jazz e moderna. | |
| | | | -Escoita dos instrumentos presentados. | |
| | | | -Manexo de aplicacións musicais co ordenador e o Ipad. | 2º/3ºtrim |
| | | B2.5. Utilización das grafías convencionais na lectura, na escritura e na interpretación de cancións e de pezas instrumentais sinxelas. | -Traballo rítmico da subdivisión ternaria e compases compostos: 6/8, 9/8, 12/8. | Todo o curso |
| | | | -Traballo das figuracións rítmicas: síncopa e notas a contratempo. | |
| | | | -Inserción da improvisación instrumental- melódica suxerida harmonicamente, en partes das pezas de frauta. | |
| | | B2.6. Gravación e rexistro das interpretacións para unha valoración e unha análise posteriores. | -Gravación das interpretacións co editor de son Audacity. Valoración dos resultados e das posibles accións para mellorarlas. | |
| | | B2.7. Interese pola mellora do proceso de interpretación e do resultado final. | -Realización dun concerto de final de curso con grupo rítmico e instrumental co repertorio traballado ao longo do curso. | 3º trim |
| | | B2.8. Traballo cooperativo, asumindo as responsabilidades que lle correspondan e respectando | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | as achegas das demais persoas do grupo. | | |
| BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL | i, j | ▪ B2.9. Creación de mensaxes musicais con contido expresivo, combinando elementos sonoros e corporais diversos.<br>▪ B2.10. Utilización dos medios de comunicación e de internet para a procura de información, en soporte impreso e dixital, sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais de interese.<br>B2.11. Exploración das posibilidades sonoras e expresivas dos medios audiovisuais e tecnolóxicos para comunicar. Creación de cuñas radiofónicas e videoanuncios.<br>B2.12. Utilización dos medios audiovisuais e dos recursos informáticos para a sonorización de imaxes, contos, poemas e refráns, dobraxe de películas etc., e para a creación de producións propias. | -Sonorización de contos utilizando os instrumentos da aula, materiais da contorna e de reciclaxe.<br>-Realización dun traballo escrito individual sobre algún aspecto da música moderna.<br>-Audición de anuncios publicitarios atendendo á función da música.<br>-Creación de presentacións de discos e libros en video.<br>-Creación de "jingles" frase curta con música para anuncio.<br>-Gravación das sesións de interpretación de frauta e láminas. | 2º/3º trim<br>3º trim<br>3º trim |
| BLOQUE 3. MÚSICA, MOVEMENTO E DANZA | j,b,h,o | ▪ B3.1. Identificación do corpo como instrumento. Indagación e valoración sobre as posibilidades expresivas e comunicativas do corpo en distintas representacións artísticas ou situacións cotiás.<br>▪<br>▪<br>▪<br>B3.2. Valoración e recoñecemento das danzas e a súa contribución ao noso patrimonio artístico e cultural. | -Actividades de recoñecemento das posibilidades percutivas do corpo.<br>-Interpretación de esquemas rítmicos de percusión corporal utilizando palmas sonoras e xordas, peito, ventre, cadeiras, xeonllos, cadeiras e pés sobre a imitación do mestre, sobre esquemas repetitivos ou sobre linguaxe musical.<br>-Interpretación de cancións con ostinatos de percusión corporal ou de coreografías.<br>-Visualización de videos sobre obras clásicas e modernas onde destaque a coreografía.<br>-Realizar un esquema sinxelo sobre a estrutura das danzas do mundo practicadas. | Todo o curso<br>2º/3º trim |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | B3.3. Interpretación de danzas coidando a coordinación individual e colectiva.<br><br>B3.4. Invención de coreografías sinxelas para cancións e pezas musicais de diferentes estilos.<br><br>▪ B3.5. Gravación e rexistro das danzas interpretadas. Análise de valoración do produto. | -Acompañamento con percusión corporal de cancións e pezas instrumentais.<br><br>-Acompañamento con movementos inventados ou improvisados a fragmentos musicais segundo o seu carácter.<br><br>-Gravación dalgún acompañamento de expresión corporal para comentario posterior.<br><br>-En cursos anteriores gravabamos o festival de bailes de entroido pero este ano queda suspendido como medida de prevención de contaxios. | 2º/3º trim |

### 3.3. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:
### Relación con estándares de aprendizaxe en 6º EP

| ESTÁNDAR DE AVALIACIÓN | INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN |
|---|---|
| EMB1.1.1. Identifica, clasifica e describe as calidades dos sons do contexto natural e social, utilizando un vocabulario preciso. | Observación directa<br>Proba escrita a fin de trimestre |
| EMB1.2.1. Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade, tras a escoita de obras musicais, con capacidade para emitir unha valoración destas. | Observación directa na pizarra dixital<br>Revisión de fichas<br>Proba escrita a fin de trimestre |
| EMB1.2.2. Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características, e utilízaas como marco de referencia para as creacións propias. | Observación directa<br>Proba escrita a fin de trimestre<br>Proba individual de interpretación |
| EMB1.3.1. Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. | Observación directa |
| EMB1.3.2. Comprende, acepta e respecta o contido das normas que regulan a propiedade intelectual canto á reprodución e a copia de obras musicais. | Revisión de traballo escrito |
| EMB2.1.1. Recoñece e describe as calidades da voz a través de audicións diversas, e recréaas. | Observación directa |
| EMB2.2.1. Recoñece e clasifica instrumentos acústicos e electrónicos, diferentes rexistros da voz, e agrupacións vocais e instrumentais. | Observación directa na pizarra dixital<br>Revisión de fichas<br>Proba escrita a fin de trimestre |
| EMB2.2.2. Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras. | Observación directa na pizarra dixital<br>Revisión de fichas<br>Proba escrita a fin de trimestre |
| EMB2.2.3. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos. | Observación directa<br>Proba individual de interpretación |
| EMB2.2.4. Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos, con e sen acompañamento | Observación directa<br>Proba individual de interpretación |
| EMB2.2.5. Coñece e interpreta cancións de distintos lugares, épocas e estilos, e valora a súa achega ao enriquecemento persoal, social e cultural. | Observación directa |
| EMB2.2.6. Amosa respecto polo traballo das demais persoas e responsabilidade no traballo individual e colectivo. | Observación directa |
| EMB2.2.7. Analiza as interpretacións feitas, recoñece erros e amosa interese por traballar para corrixilos. | Comentario das gravacións de aula<br>Proba individual de interpretación |
| EMB2.3.1. Procura información bibliográfica, en medios de comunicación e en internet sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais. | Traballos escritos en formato impreso ou dixital |
| EMB2.3.2. Presenta e expón a información de xeito claro, ordenado e limpo en varios soportes. | Traballos escritos en formato impreso ou dixital |
| EMB2.3.3. Utiliza os medios audiovisuais e recursos informáticos para crear pezas musicais e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas. | Colaboración na gravación distintos audios. |
| EMB3.1.1. Identifica o corpo como instrumento para a expresión de | Observación directa |

| ESTÁNDAR DE AVALIACIÓN | INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN |
|---|---|
| sentimentos e emocións, e como forma de interacción social. | |
| EMB3.1.2. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas. | Observación directa |
| EMB3.1.3. Coñece danzas de distintas épocas e lugares, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural. | Revisión de fichas<br>Proba escrita a fin de trimestre |
| EMB3.1.4. Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais españolas, e entende a importancia da súa continuidade e o traslado ás xeracións futuras. | Observación directa |
| EMB3.1.5. Inventa coreografías de grupo que corresponden coa forma interna dunha obra musical e supón unha orde espacial e temporal. | Revisión de esquemas de danza |
| EMB3.1.6. Analiza as danzas realizadas, recoñece os erros e amosa interese por mellorar o produto. | Observación directa<br>Comentario das gravacións de aula |
| EMB3.1.7. Respecta o traballo en grupo e participa nel de xeito pracenteiro, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas. | Observación directa |
| EMB3.1.8. Amosa respecto polas demais persoas e colaboración con elas. | Observación directa |

| 4. METODOLOXÍA | |
|---|---|
| **Principios metodolóxicos** | A música na educación primaria ten un carácter vivenciador e práctico, a partir do cal se pretenden desenvolver as capacidades expresivas, perceptivas e culturais do alumnado.<br><br>Esencialmente, *traballar os conceptos a partir dos procedementos sen esquecer a importancia que adquire o traballo das actitudes na primaria.* Por iso, o enfoque metodolóxico da materia será en dous eixos fundamentais: a utilización das TICs e a práctica corporal, vocal e instrumental. |
| **Bloques de contidos** | Bloque 1. ESCOITA: trabállase principalmente a partir da utilización das novas tecnoloxías, especialmente pola utilización de diversos programas, emprego dos mútiplos recursos que nos brinda internet e a utilización da pizarra dixital (unha ferramenta moi motivadora e versátil na aula de música de primaria ao conxugar elementos visuais e auditivos interactivos que favorecen unha especial interacción entre o grupo-clase e as actividades de discriminación auditiva, audición de obras e cultura musical).<br>Cóidase tamén o contacto coa cultura e a contorna próxima a través da asistencia a concertos didácticos.<br><br>Bloque 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL: trabállase a partir da práctica co grupo-clase íntegro ou na subdivisión en pequenos grupos, segundo o tipo de actividade. Polo axustado horario que ten a materia, reforzaremos este bloque desde o Blog de aula para que o alumnado poida ensaiar acompañado musicalmente desde a casa e facer máis motivador e eficaz o estudo deste bloque de contidos. Neste curso, iницíase a montaxe da Aula Virtual para os niveis de EP.<br><br>Bloque 3. MOVEMENTO E DANZA: trabállase igualmente a partir da práctica co grupo-clase íntegro ou en subdivisión en pequenos grupos, segundo o tipo de actividade. Trabállase na mesma aula que ten un espazo amplo central polo seu mobiliario adaptado para a súa movilidade. |
| **Organización do tempo** | A LOMCE asignalle dúas horas semanais ás materias englobadas dentro da Área de Educación Artística: plástica e música. Por necesidades organizativas do centro, a clase de música ten unha duración de 50’ minutos semanais, organizándose temporalmente da seguinte maneira: 2’ para trasladar ao grupo clase da aula titorial á aula de educación musical.<br>Nos 5’ seguintes realízanse ***actividades rutinarias de introdución e motivación*** para preparar un ambiente propicio de atención e concentración na actividade musical: respiración, relaxación e realización de actividades de introdución no ambiente de que ten que existir para un óptimo desenvolvemento da actividades musicais.<br>Os 35’ seguintes realizaranse as ***actividades de desenvolvemento da unidade didáctica presente:*** que serán variadas en canto a súa tipoloxía querendo tratar en todas as sesións os dous bloques de contidos: percepción e expresión. No 1º ciclo as actividades terán unha duración breve de 5’-10' cada unha para non cansar a feble capacidade de atención e concentración do alumnado destas idades.<br>Dado que a materia de música só contén unha hora semanal é preciso dedicar os últimos 5-10’ a desenvolver ***actividades de repaso*** onde se afiancen e consoliden aspectos importantes tratados en sesións anteriores. |
| **Organización do espazo** | A aula de música caracterízase por estar ben iluminada natural (entrado o foco pola pola esquerda) e artificialmente. A disposición inicial do alumnado é en cadeiras de pá en disposición de semicírculo que permite unha boa escoita e contacto visual entre o alumnado, o mestre e a pizarra dixital. O mobiliario é móbil e está distribuído ao longo do perímetro da aula quedando un amplo espazo |

| | |
|---|---|
| | central con alfombra onde se realizan as actividades de aprendizaxe.<br><br>Hai que ter en conta dous parámetros: A tipoloxía do grupo: grupo pequeno (5-8 membros) e grupo-clase (20-25 membros), e a tipoloxía das actividades a realizar: con unha adecuación do mobiliario e os materiais que o mestre ten que deseñar con anterioridade á sesión-clase.<br><br>O grupo pequeno é máis versátil e proveitoso, e son medidas esenciais: o distanciamento suficiente para que non se estorben acusticamente, e o posicionamento dos que mellor aptitudes teñen para a música a carón dos que lle costa máis.<br><br>A tarefa de repartir, ordenar e gardar os instrumentos escolares e demais accesorios estará comandada polos alumnos, establecéndose unha orde rotatoria. |
| **Metodoloxía musical** | **Discriminación auditiva:** Métodos Willems, Murray Shapher e Martenot<br>**Audición:** Método Orff e Joss Wuytack<br>**Ritmo:** Método Dalcroze, solfexo silábico de Kodàly e Orff<br>**Canto:** Solfexo relativo e fononimia de Kodàly<br>**Linguaxe musical e grafismo non convencional:** Kodàly, Martenot e Willems<br>**Instrumentos de percusión e láminas:** Método Orff e Joss Wuytack<br>**Frauta:** Joss Wuytack<br>**Improvisación:** Método Orff, Joss Wuytack e Dalcroze<br>**Movemento e danza:** Dalcroze, Joss Wuytack e *Danzas del mundo* de Javier Jurado |

| **5. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN** | |
|---|---|
| **Normas de clase** | No inicio do curso reflexiónanse entre alumnado e profesor unha serie de pautas básicas de obrigado cumprimento para o alumnado: características do material obrigatorio, actitude e comportamento na aula e características das probas de avaliación. |
| **Observación directa** | Paralelamente ao desenvolvemento das actividades deseñadas durante o proceso de ensino aportando datos sobre os discentes, as súas dificultades individuais e grupais. |
| **Probas Individuais** | Interpretación con frauta<br>Escritas sobre os contidos teóricos: a partir de 3º EP ata 6º EP |
| **Rexistro trimestral** | A través da aplicación Doceo onde se plasmen no eixo vertical os bloques que comprende a educación musical e no horizontal as habilidades, coñecementos, actitude ante a actividade e o rendemento acadado.<br>***Escala de valoración do desenvolvemento das actividades de aula:*** 1-4 (insuficiente); 5 (suficiente); 6 (ben); 7-8 (notable) 9-10 (sobresaliente) en relación a cada unha das actividades.<br>***Escala de valoración da participación nas actividades***: + (positivo); - (negativo). |
| **Autoavaliación docencia** | En relación aos resultados optidos polo alumnado, a docencia valorará a valía do seu método cuestionando en todo momento a programación utilizada con vistas a unha adecuación momentánea ou a súa remodelación. |

| 6. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN | |
|---|---|
| Desenvolvemento activo das actividades perceptivas e expresivas traballadas na aula | 50% |
| Probas Individuais de contidos teóricos e prácticos traballados na aula | 30% |
| Participación e colaboración co grupo-clase nas actividades de aula | 20% |
| *<br>*A cualificación da Área de Educación Artística calcúlase a partir da media aritmética das cualificacións das materias de música e plástica.*<br>*Así e todo, para obter unha cualificación final de 5 (suficiente) na Área de Educación Artística, cómpre acadar unha nota de 5 (suficiente) en ambas as dúas materias (música e plástica).* | |

| 7. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE | |
|---|---|
| **Principios** | Avaliación Inicial: Primeiro realízase unha recollida de datos persoais e académicos desde: as percepcións dos profesores-titores, o equipo de orientación (nos casos necesarios) e as informacións de pais, nais e/ou titores do alumnado.<br><br>Seguidamente das actividades habituais da aula de música con vistas a obter datos sobre a maneira en que se manifesta o alumno ou alumna en relación a:<br>• Coñecementos adquiridos previamente<br>• As aptitudes<br>• As actitudes<br>• O nivel sociocultural e adquisitivo das familias que posibilitan o achegamento en maior ou menor medida á música. |
| **Actividades de Reforzo** | Na aula de música dáse a seguinte intervención a partir de medidas ordinarias:<br>• Atención personalizada do mestre en todas as actividades.<br>• Asignación de exemplos, papeis e roles máis sinxelos (sen que se evidencie en exceso) motivandoo a partir da avaliación da súa sempre positiva actuación. Porén animándoo na súa superación e ánimo.<br>• Nas actividades colectivas: situando o alumnado a carón de alumnos con facilidade para que se sinta arroupado acusticamente na expresión vocal e instrumental con modelos favorecedores.<br>• Agrupamentos: Incluindo o alumnado en grupos favorecidos pola facilidade para a música dalgún dos seus membros.<br>• Apóiase a través de materiais no Blogue de aula e na Aula Virtual do centro. |
| **Actividades de Ampliación** | Para o alumnado que realiza aprendizaxes musicais en escolas de música fóra do centro escolar, realízanse as seguintes medidas de ampliación:<br>• Asígnanselle os papeis máis complexos de apoio ao discurso musical.<br>• Agrupamentos: Inclúese en grupos que precisan compensación, para facer tarefas de cooperación e apoio.<br>• Ofrécese outros materiais musicais para o seu traballo e disfrute persoal.<br>• Amplíanse contidos no Blogue de aula e Aula Virtual do centro. |

| 8. ACCIÓNS DE EDUCACIÓN EN VALORES E DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA ESCOLAR | |
|---|---|
| **Educación en Valores** | ***Educación Ambiental:*** sobre todo a través da construción de instrumentos con materiais de desfeito e naturais. Reflexións sobre a contaminación acústica. Polo tratamento deste tema nas letras de cancións.<br><br>***Educación para o consumidor:*** principalmente no relativo ao descubrimento do valor estético musical de distintos obxectos cotiás e de desfeito presentando a creatividade como contrapunto ao consumismo. En relación á responsabilidade polas compras de música e aparellos de reprodución musical.<br><br>***Educación para a saúde:*** en todo o relacionado co uso correcto das capacidades de son do corpo, do movemento e o control postural. O coñecemento e coidado do aparello auditivo e o fonador e os problemas que ocasionan o abuso dos aparellos audivisuais como os auriculares. Os problemas para a sociedade sociais que provoca a contaminación acústica.<br><br>***Educación para a paz:*** fomentando valores como a escoita dos demais con respecto e tolerancia, a actuación respectuosa dentro do grupo con responsabilidade e desenvolvendo actitudes de cooperación e axuda.<br><br>***Educación moral e cívica:*** a través do coñecemento e cumprimento das normas de comportamento nos espectáculos musicais.<br><br>***Educación para a igualdade de sexos:*** en relación á actividade musical en grupo a través da integración, do reparto de tarefas e respecto mutuo indepentemente do sexo ao que pertenzan.<br><br>***Educación para ocio:*** a través da participación en espectáculos musicais, animándoos para que asistan a asociacións para a práctica musical.<br><br>***Educación vial:*** a través das letras de cancións. |
| **Plan de Convivencia** | • Reflexión e elaboración conxunta de profesor e alumnado das normas de comportamento na aula música e para a asistencia a concertos, no inicio de curso.<br><br>• Reflexión e atención a como deben ser os traslados desde a aula titorial á aula de música para non molestar a actividade dos demais grupos. O mestre acompañará ao alumnado en todo momento. |

## 9. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC DO CENTRO

Dáse a partir do seguintes procedementos:

- Realización de exercicios para a pizarra dixital.
- Realización de actividades na Aula de informática.
- Gravación das interpretacións e a súa escoita e valoración.
- Realización de xogos musicais coa pizarra dixital.
- Actualización de material didáctico para o mestre (entre outras destacamos):
- Visualización e escoita de videos e audios para a discriminación de sons musicais e non musicais, aprendizaxe de patróns, cancións e elementos artísticos do patrimonio cultural.
- Elaboración de materiais propios.
- Configuración da ***Aula Virtual*** dentro do espazo web do centro onde se expoñen recursos e actividades sobre os contidos da materia.
- Actualización do blogue **CEIP Xuño · Aula de música.**

| 10. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR E O PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO |
| --- |
| • Potenciar a comprensión lectora desde a lectura das letras das cancións atendendo: á entoación, á proxección da voz, á atención ao significado palabras novas e a moralexa ou ensino que quere transmitir.<br><br>• Usar a biblioteca como centro de recursos para a búsqueda de información para actividades escritas.<br><br>• Utilizar cancións variadas en relación á lingua utilizada: galego, castelán, inglés ou con sonoridades imitativas doutras linguas inculcando o respecto que merecen e a riqueza cultural que as linguas conlevan.<br><br>• Colaborar na celebración do Día das Letras Galegas con actividades propias da aula de música.<br><br>• Inculcar a importancia que acadan ás normas ortográficas e a limpeza caligráfica na presentación dos traballos escritos.<br><br>• Respectar a lingua de aprendizaxe fixada polo Proxecto lingüístico de centro que para esta área é o galego en todos os niveis. |

| 11. RECURSOS E MATERIAIS | |
|---|---|
| **Aula** | Sala con mobiliario adaptado para mobilidade e espuma de aillamento e amortiguación sonora. |
| **Recursos en Rede** | Blogue CEIP Xuño · Aula de Música<br>Aula Virtual do Centro_Música<br>Canle de Youtube |
| **Material Audiovisual** | EDI Smart Board<br>Proxector Epson EMP-83H<br>1 micrófono dinámico de voz Seinnheiser E-945<br>2 micrófonos de ambiente Fonestar<br>1 micrófono para IPAD Studio<br>Amplificador Altavoz Roland SA-300<br>Mezclador Yamaha V96 |
| **Material Informático** | Portátil macbook<br>Ipad<br><br>Recursos da Aula de Informática |
| **Material Instrumental** | **Discriminación auditiva:** 2 Tubos sonoros, 2 xogos de láminas diatónicas individuais e 1 frauta de émbolo.<br><br>**Orff PAD:**<br>2 carillóns soprano, 2 carillóns contralto, 1 metalófono soprano, 1 metalófono contralto, 1 metalófono baixo, 1 xilófono soprano, 1 xilófono contralto, 1 xilófono baixo.<br><br>**Orff PAI:** 4 caixas chinesas, güiro, castañolas, castañola de mango, 2 tarrañolas, 6 triángulos, crótalos, 2 sambinas, 2 pandeiretas con parche, pandeireta sen parche, 3 pandeiros, caixa de batería, 2 timbais contralto e baixo, bombo.<br><br>**Frautas:**<br>10 Frautas soprano, 1 frauta de bico contralto, 1 ocarina, 2 whistles<br><br>**Boomwhackers**<br><br>**Outros instrumentos e accesorios:**<br>Bayan Saltarelle Chaville<br>Melódica Suzuki<br>Piano eléctrico Yamaha PSR-290<br>Piano eléctrico Korg SV-1<br>Ampllificador Roland A300<br>10 Atriles. |
| **Material Bibliográfico** | Diverso material bibliográfico para uso do mestre e dos alumnos: pedagoxía musical, orientacións didácticas, repertorio escolar, cancioneiros...etc.<br><br>Carteis de clasificación de instrumentos<br>Discografía |
| **Material Obrigatorio Alumnado** | Carpeta multifundas<br>Frauta doce soprano<br>Lapis, cores e goma |

## 12. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

- Concertos para escolares do Auditorio de Galicia: xestión de petición e asistencia a concertos ofertados polo consorcio Compostela capital cultural.
- Concertos do concello de Porto do Son: asistencia ás propostas culturais do concello.
- Concerto de acordeón-bayan.
- Concerto de fin de curso do alumnado.
- Colaboración en todas as actividades do centro nas que se considera a presenza da música: como actividade en si mesma do alumnado ou como recurso de apoio ou acompañamento a outra actividade do centro.